



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 01/07/2025

TIPOLOXÍA: TORMENTAS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO (ampliación)

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 188/71 GAL emitido o día 01/07/2025 ás 08:57 horas, dun fenómeno metereolóxico adverso de nivel AMARELO por TORMENTAS que afectará a **LUGO (Montaña e Sur) e OURENSE (Montaña e Valdeorras)** e que se iniciará sobre o mediodía do martes 01/07/2025 prolongándose ata as primeiras horas do mércores 02/07/2025. As tormentas poden ir acompañadas de sarabia e refachos moi fortes de vento.

Un aviso de nivel amarelo por tormentas indica que na zona de aviso afectada prevense tormentas fortes. Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de forma puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es